



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2019/G003/001225

RESOLUCIÓN

ASUNTO: TRAMITE CONSULTA PÚBLICA APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL

EXPEDIENTE: 2022/G003/001225

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O establecemento de tributos polo Concello no exercicio da potestade tributaria que lle recoñece a Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL), esixe a adopción dun acordou de imposición e ordenación, así como de aprobación da súa correspondente ordenanza fiscal.

No Plan Normativo do concello de Ordes para o ano 2022, no que se conteñen as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian a ser elevadas para a súa aprobación, figura incluído como regulamentos/ordenanzas de nova aprobación a ordenanza fiscal das taxas por prestación de servizos de dirección de obra, pola coordinación de seguridade e saúde, inspección e liquidación de obras.

Segundo o art. 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPAC), con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteprojecto de lei ou de regulamento, substanciarase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

No uso das atribucións conferidas pola lexislación de réxime local, **RESOLVO:**

Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), para a redacción, tramitación e aprobación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por prestación de servizos de dirección de obra, pola coordinación de seguridade e saúde, inspección e liquidación de obras, a través de <https://ordes.gal/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo I da presente resolución (**Expdte. 2022/G015/000001**).

Anexo I

CONSULTA PÚBLICA

ANTECEDENTES

Na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, corresponden en todo caso aos municipios: as potestades tributaria e financeira.

Os tributos propios dos municipios clasifícanse en taxas, contribucións especiais e impostos.

NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

Os municipios, nos termos previstos no R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL), poden establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2019/G003/001225

RESOLUCIÓN

competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos.

Teñen a consideración de taxas as prestacións patrimoniais que establezan os municipios pola realización dunha actividade administrativa en réxime de dereito público de competencia local que se refira ou afecte de modo particular ao suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias seguintes:

a) Que non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados. A estes efectos non se considerará voluntaria a recepción por parte dos administrados: Cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.

b) Que non se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público conforme á normativa vixente.

O importe das taxas pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible da actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.

Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable da actividade por cuxa realización se esixe a taxa.

OBJECTO DA NORMA

Os órganos de contratación no concello de Ordes, nos contratos administrativos, deben designar un responsable do contrato ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada ou allea a el, segundo o establecido no art. 62 da Lei 9/2017, de 8 de abril (LCSP).

Nos contratos de obras (arts. 13 e 232 da LCSP) as facultades do responsable do contrato serán exercidas polo Director Facultativo conforme ao disposto nos arts. 237 a 246 LCSP.

Igualmente nos contratos de obras deberá nomearse un coordinador en materia de seguridade e saúde de conformidade co establecido no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Tendo en conta o anterior o Concello de Ordes pretende acordar a imposición e aprobar a correspondente ordenanza fiscal reguladora das taxas por prestación de servizos de dirección de obra, pola coordinación de seguridade e saúde, inspección e liquidación de obras de competencia municipal realizadas mediante contrato.

O feito impositivo destas taxas o constitúe o servizo que en cumprimento dunha obriga legal o Concello presta aos adxudicatarios de obras municipais, asumindo a dirección técnica e/ou a coordinación en materia de seguridade e saúde, e/ou a realización dos controis de calidade, na execución das mesmas, directamente ou mediante terceiros.

O acordo de establecemento destas taxas por prestación de servizos de dirección de obra, pola coordinación de seguridade e saúde, inspección e liquidación de obras, adoptarase á vista do informe técnico-económico no que se poña de manifesto o custe real ou previsible dos servizos e as actividades a realizar.



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2019/G003/001225

RESOLUCIÓN

POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS

Non hai alternativa regulatoria, nin non regulatoria, debido a que para o establecemento desta taxa, redacción da súa ordenanza e elaboración do informe técnico económico que poña de manifesto o custe dos servizos as actividades a realizar tívoise en conta o establecido nos arts. 20 a 27 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 marzo (LRFL).

En Ordes, na data da sinatura electrónica

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O Secretario

Juan Luis González Iglesias